



MANIFESTO DO DÍA DO PEÓN 2007

(ELABORADO POLO ALUMNADO DO GRUPO 4º ESO A DO IES MELIDE)

Eu quero ver un milleiro de *buxainas* a bailar porque é a tradición do noso pobo e as miñas tradicións son a miña identidade.

Eu quero ver un milleiro de *trompos* a bailar porque así construimos a nosa historia.

Eu quero ver un milleiro de *peóns* a bailar para que a nosa lingua “role” nas mans dos nosos cativos.

Eu quero ver un milleiro de *pimpionetas* a bailar porque nos unen na diversión.

Eu quero ver un milleiro de *panquentes* a bailar porque simbolizan o bulebule da Galiza que camiña sen vagar cara ao seu futuro.

Eu quero ver un milleiro de *bailaretas* a trompear porque si.